



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Nena qu' estás na ventana
cas puntas do pano fóra,
enséñam'a túa cara
qu' o pano non me lamora.

¡Ai! Vintacinco xastres van-he
da cabalo dun raposo,
na miña vida tal vin-he
na feira de Monterroxo.

Ai, imos eu e tí rapaza,
ó palleiro buscar pallas
para ll' estar ás ovellas
qu' está i-a corte mollada.

Manoel por ve-las nenas
dinll' unha fonte de prata,
as nenas non van a i-ela
Manoel todo se mata.

Manoel por ve-las nenas
que eu por ve-los caraveles
Manoel por ve-las rosas
eu por ver a Manoel-e.